



## **INFORME DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA O RÉXIME DE CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DOS RECURSOS MARISQUEIROS**

Visto o "Proxecto de decreto polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros", en cumprimento do disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica emite o seguinte

### **INFORME:**

#### **I. COBERTURA CONSTITUCIONAL E LEGAL**

O artigo 148.1.11 da Constitución establece que as Comunidades Autónomas poderán asumir competencias en "materia de pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura". Por outra parte, o artigo 149.1.19 outorga ao Estado a competencia exclusiva sobre "a pesca marítima, sen prexuízo das competencias que na ordenación do sector se atribúan ás Comunidades Autónomas".

Sobre a base de tal fundamento constitucional, o Estatuto de Autonomía para Galicia establece que corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva sobre "a pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo e a acuicultura" (artigo 27.15), e sobre "as confrarías de pescadores" (artigo 27.29); así como o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación do Estado da materia "ordenación do sector pesqueiro" (artigo 28.5).



Sobre o marisqueo, o Tribunal Constitucional, na sentenza 9/2001, do 18 de xaneiro, delimitou esta materia respecto da de pesca indicando o seguinte:

“El criterio delimitador entre ambas materias, y que habrá de presidir nuestro enjuiciamiento, debemos situarlo en las artes o técnicas que les resulten propias a cada una de ellas. Las artes de pesca marítima permiten la actividad extractiva de especies diversas, entre ellas también de mariscos, mientras que las artes de marisqueo, sin desconocer su evolución, perfeccionamiento e innovación, han de ser específicas para la captura de mariscos y, además, de carácter selectivo, que, por ello, excluyan la de otras especies marinas, pues ya en nuestra STC 56/1989, F.2, llegamos a la conclusión, tras la exégesis realizada, de que <<la pesca es un “genus” y el marisqueo una “species”, por lo demás no diferenciada por el Derecho de la CEE>>” (F.J.9º).

A regulación do marisqueo é competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, sen limitación, ademais, ás augas interiores. Na mesma sentenza, o Tribunal sinalou:

“En cuanto al ámbito físico del <<marisqueo>>, el art. 148.1.11 CE y el art. 27.15 EAG lo enuncian junto con la “pesca en aguas interiores”, sin que esta última materia o aquella, la de marisqueo, expresen la restricción de su objeto a las aguas interiores. De los propios enunciados constitucional y estatutario ya hemos extraído la conclusión de que la acuicultura no tiene como referencia necesaria que su ejercicio se desarrolle en las aguas interiores [STC 103/1989, de 8 de junio, FJ 2 y 6 a)], y lo propio cabe declarar ahora en relación con el marisqueo. Es esta una conclusión a la cual conduce, no solo la formulación de la propia materia por la Constitución y el Estatuto de Autonomía, sino también, como hemos visto, la consideración del





ámbito físico en el que dicha actividad venía exerciéndose con anterioridad a la aprobación del texto constitucional” (F.J.9º).

No exercicio destas competencias, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, cuxo artigo 2 determina que a política pesqueira galega ten por finalidade a viabilidade duradeira do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola galego, garantindo a mellora das condicións de vida e traballo das persoas que se dedican a estas actividades mediante a explotación sustentable, equilibrada e responsable dos recursos baseada nun asesoramento científico sólido e tendo en conta os aspectos ambientais, económicos e sociais.

O título II da Lei refírese á conservación e xestión dos recursos pesqueiros e marisqueiros. Conforme ao artigo 6, a política da Administración autonómica terá entre outros obxectivos, en relación a esta materia, o establecemento e a regulación de medidas dirixidas á conservación, á xestión e a explotación responsable, racional e sustentable dos recursos mariños vivos, así como a adopción de medidas tendentes a promover o exercicio dunha actividade pesqueira e marisqueira respectuosa co ambiente, así como a protección dos recursos pesqueiros e marisqueiros doutras actividades que teñan incidencia sobre eles, e o fomento da participación do sector da pesca e do marisqueo na adopción de medidas de conservación. O artigo 7 contempla as medidas de conservación e xestión, sendo unha destas medidas os plans de xestión, que tras a modificación operada pola Lei 9/2017, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, defínense como medidas reguladoras da actividade pesqueira e marisqueira, e que incluírán as medidas técnicas, os horarios e o réxime de calamento das artes autorizadas e, de ser o caso, limitacións de capturas, capacidade e esforzo pesqueiro.



O marisqueo regúlase dentro do título IV da Lei. Os obxectivos da política da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de marisqueo establécense no artigo 28 e son, entre outros, a regulación das condicións de acceso á actividade marisqueira e aos recursos mariños vivos en condicións de igualdade, a regulación das condicións do exercicio do marisqueo, a mellora das condicións de traballo na explotación dos recursos mariños vivos e a procura de que as explotacións marisqueiras sexan sustentables e economicamente rendibles.

Respecto á cobertura legal da norma proxectada, atopa o seu fundamento de modo xeral na disposición derradeira terceira (“Desenvolvemento regulamentario”) da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de acordo coa cal “facúltase á Xunta de Galicia para ditar cantas disposicións regulamentarias resulten necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta lei”.

## **II. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO**

No momento actual, a explotación dos recursos marisqueiros atópase regulada no título I do Decreto 423/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de marisqueo, extracción de algas e cultivos mariños, onde se establece que a extracción de marisco e recolección de algas estarán suxeitas ao Plan xeral de explotación Marisqueira, que é o conxunto de normas e orientacións destinadas a regular e programar a extracción de marisco e recolección de algas con carácter anual (art. 1). De acordo coas súas disposicións, este Plan xeral apróbase mediante orde da Consellería do Mar, rexendo na actualidade a Orde do 20 de decembro de 2018 pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o ano 2019.



Respecto á explotación de recursos específicos (definidos na Lei 11/2008, do 3 de decembro como “especies marisqueiras que polas súas características biolóxicas, pola súa técnica de extracción ou polas especificidades da súa comercialización requiren un sistema de xestión que atenda a esas particularidades”) esta se realiza a través de plans de xestión, de conformidade co establecido no artigo 158 do Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que regulan as artes, aparellos útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia; plans de xestión que se regulan na Orde de 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os plans de explotación de recursos marisqueiros xerais e os plans de xestión de recursos específicos son, pois, o conxunto de medidas reguladoras da actividade marisqueira de vixencia anual que teñen por obxecto desenvolver unha explotación sostible nun ámbito territorial concreto, e cuxa titularidade corresponde a un entidade ou conxunto de entidades, fundamentalmente confrarías de pescadores e asociacións de mariscadores.

Sinala a memoria xustificativa que, tras a experiencia adquirida na xestión acadada nos 25 anos transcorridos dende a promulgación do Decreto 423/1993, do 17 de decembro, faise necesario realizar unha revisión da normativa relativa á xestión dos recursos marisqueiros anteriormente citada, revisión que se deriva da necesidade de establecer para os plans de xestión unha vixencia de tres anos, tal como esixen as recomendacións técnicas actuais, e de contribuír a través dos plans de xestión á implementación na Comunidade Autónoma de Galicia das directrices da Directiva Marco da Estratexia Mariña (DMEM) ao amparo da Directiva 2008/56/CE, do 17 de xuño de 2008, pola que se establece un marco de acción comunitaria para a política do medio mariño, que teñen como principal obxectivo, a consecución do Bo Estado Ambiental (BEA)



dos mares como moi tarde en 2020. Tales razóns xustifican a elaboración do presente proxecto.

### **III. ADECUACIÓN DA INICIATIVA NORMATIVA AOS PRINCIPIOS CONTIDOS NO ARTIGO 37.A) DA LEI 14/2013, DO 26 DE DECEMBRO, DE RACIONALIZACIÓN DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO**

O artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece que en todas as iniciativas normativas xustificárase a súa adecuación aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia. Neste sentido, o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, determina que no exercicio da potestade regulamentaria as Administracións públicas actuarán de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

En relación aos principios de necesidade e eficacia, a iniciativa xustifícase por unha razón de interese xeral, como é a de garantir a conservación e explotación dos recursos marisqueiros en Galicia, configurándose a norma proxectada como o instrumento máis axeitado para que tal finalidade se consiga.

Cúmrese o principio de proporcionalidade, en canto que contén a regulación imprescindible para garantir a consecución dos obxectivos que se perseguen, xa que non existen medidas menos restritivas ou que ocasionen menos obrigas para obter o mesmo resultado.



En canto ao principio de seguridade xurídica, o proxecto de referencia enmarcase axeitadamente no ordenamento xurídico xa que responde, como se indica no informe da Asesoría Xurídica de data 4 de outubro de 2019, ao desenvolvemento das previsións contidas na Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia.

En aplicación do principio de transparencia, o proxecto normativo puido ser coñecido polos destinatarios da norma e pola cidadanía, antes e despois da súa elaboración, a través do Portal de Transparencia e Goberno aberto, de conformidade co disposto nos artigos 41 e 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

En relación ao principio de accesibilidade, deuse traslado do proxecto de decreto á Federación Galega de Confrarías de Pescadores, ás Federacións Provinciais de Confrarías de Pescadores da Coruña, Lugo e Pontevedra, así como asociacións e agrupacións de mariscadoras e mariscadores existentes.

De acordo co principio de simplicidade, o proxecto de decreto contempla un marco normativo claro que facilita o seu coñecemento e comprensión por parte dos seus destinatarios.

Por último, segundo o principio de eficiencia, a proposta normativa parte dunha identificación clara dos fins perseguidos, establecendo uns obxectivos directos, e non implica cargas administrativas innecesarias ou accesorias.



#### **IV. TRÁMITES REALIZADOS E RESULTADO DOS MESMOS**

O proxecto de decreto elaborouse por iniciativa e impulso da Consellería do Mar, de conformidade co procedemento establecido nos artigos 40 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Así, de conformidade co sinalado no artigo 41, unha vez iniciado o procedemento mediante por acordo da conselleira do Mar do 3 de maio de 2019, levouse a cabo unha consulta pública previa a través do Portal de Transparencia durante o período comprendido entre o 7 de maio de 2019 e 22 de maio de 2019, tal como consta no certificado da Dirección da Área de Modernización das Administracións Públicas do 23 de agosto de 2019, recibíndose unha opinión sobre a proposta normativa.

Finalizada a consulta, a elaboración do anteproxecto levouse a cabo pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, acompañado da memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade, a memoria económico-financieira e o informe do Servizo Técnico-Xurídico, no que se reflicte a táboa de vixencias e derogacións.

Unha vez rematada a fase inicial de elaboración, o texto aprobouse pola conselleira do Mar como proxecto de decreto.

Para cumprir co trámite de audiencia previsto no artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, enviouse o proxecto de decreto á Federación Galega de Confrarías de Pescadores, ás Federacións Provinciais de Confrarías de Pescadores da Coruña, Lugo e Pontevedra, á Asociación Profesional Fonte de Santa Helena de Baldaio, á Agrupación de



Mariscadoras de San Cosme, á Asociación de Mariscadoras do Río Anllóns e á Sociedade Cooperativa Galega Ría de Arousa. Así mesmo, o proxecto publicouse na páxina web do Portal de Transparencia e Goberno aberto durante o período comprendido entre o 28 de xuño de 2019 e o 24 de xullo de 2019, tal como consta no certificado da Dirección da Área de Modernización das Administracións Públicas do 1 de agosto de 2019.

A resultas do trámite de audiencia, formularon alegacións e suxestións a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra, a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña, a Confraría de Pescadores “San Martín” do Grove, a Confraría de Pescadores “San Bartolomé” de Noia, a Confraría de Pescadores “La Anunciada” Baiona, a Confraría de Pescadores “Santa Tecla” da Guarda, a Confraría de Pescadores “Virgen del Carmen” de Pontedeume, a Confraría de Pescadores “A Pastoriza” de Vilanova de Arousa, a Asociación Galega de Empresarios Depuradores de Moluscos e a empresa “Interpyme, SLP”, co resultado indicado na memoria xustificativa do 21 de agosto de 2019.

Con data 28 de xuño de 2019, a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos informa favorablemente o proxecto de decreto por axustarse ao escenario orzamentario anual.

Con data 10 de xullo de 2019, a Secretaría Xeral de Igualdade emite informe sobre impacto de xénero, formulando unha serie de recomendacións para incorporar a perspectiva de xénero no texto. Tales observacións introducíronse no texto en consonancia co indicado no informe.

Con data 5 de xullo de 2019, a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa emite informe favorable sobre a normativa proposta.



De acordo co disposto no artigo 6 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o proxecto de decreto conta co informe tecnolóxico e funcional favorable, de data 21 de agosto de 2019, emitido conxuntamente pola Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e pola Dirección da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Remitido o proxecto de decreto ás consellerías da Xunta de Galicia, formularon observacións o seu contido a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade así como a Dirección do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Tales observacións foron valoradas pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro que non as incorporou ao proxecto polos motivos indicados na memoria do 21 de agosto de 2019.

O proxecto tamén foi informado favorablemente pola Asesoría Xurídica da Consellería do Mar o 4 de outubro de 2019. A resultados do informe da Asesoría Xurídica, incorporáronse ao texto as observacións e as recomendacións nel propostas.

Por último, o proxecto deberá someterse ao ditame do Consello Consultivo de Galicia por tratarse dunha disposición ditada en execución e desenvolvemento de Lei, conforme o previsto no artigo 12 da Lei 3/2014, do 10 de decembro, do Consello Consultivo de Galicia.

## **V. ESTRUCTURA E CONTIDO**

Respecto a súa estrutura e contido, o proxecto de decreto consta dun preámbulo, no que se resaltan os obxectivos e finalidade perseguidos, e 24 artigos, estruturados en tres capítulos, co seguinte detalle:





## CAPÍTULO I. Disposicións xerais (arts. 1 e 3)

Art. 1. Obxecto e ámbito de aplicación

Art. 2. Finalidade

Art. 3. Definicións

## CAPÍTULO II. Da conservación e explotación dos recursos marisqueiros xerais e específicos (arts. 4 a 21)

### Sección 1ª. Normas xerais de explotación (arts. 4 a 8)

Art. 4. Exercicio da actividade

Art. 5. Plans de xestión de marisqueo

Art. 6. Condicións para o exercicio da actividade

Art. 7. Días de actividade

Art. 8. Extracción e resembrado ou engorde de individuos de tamaño inferior ao regulamentario

### Sección 2ª. Do Plan Xeral de Explotación Marisqueira (arts. 9 a 12)

Art. 9. Plan Xeral de Explotación Marisqueira

Art. 10. Plans específicos de xestión para zonas de autorización marisqueira

Art. 11. Plans específicos de xestión para zonas de libre marisqueo

Art. 12. Normas de explotación para zonas de libre marisqueo

### Sección 3ª. Dos recursos específicos (arts. 13 a 16)

Art. 13. A conservación e explotación dos recursos específicos

Art. 14. Percebe

Art. 15. Equinodermos

Art. 16. Algas e argazos



Sección 4ª. Dos plans de xestión de marisqueo de recursos xerais e recursos específicos (arts. 17 a 21)

Art. 17. Participantes

Art. 18. Elaboración, contido e presentación

Art. 19. Plans de xestión de nova incorporación

Art. 20. Desenvolvemento dos plans de xestión

Art. 21. Adaptación das medidas durante o desenvolvemento do plan

CAPÍTULO III. Da extracción de moluscos cefalópodos, crustáceos e outros recursos (arts. 22 a 24)

Art. 22. Extracción de moluscos cefalópodos

Art. 23. Extracción de crustáceos

Art. 24. Outras especies mariñas

O proxecto se completa con oito disposicións adicionais, catro disposicións transitorias, unha derogatoria e sete disposicións derradeiras:

Disposición adicional primeira. As modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións.

Disposición adicional segunda. Renovación dos permisos de explotación para marisqueo a pé e modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións.

Disposición adicional terceira. A explotación de algas polas entidades de carácter económico.

Disposición adicional cuarta. Información básica sobre protección de datos persoais.

Disposición adicional quinta. Actualización de modelos normalizados.



Disposición adicional sexta. Forma e lugar de presentación de solicitudes.

Disposición adicional sétima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes.

Disposición adicional oitava. Notificacións.

Disposición transitoria primeira. Prórroga do Plan xeral de explotación marisqueira para o ano 2019.

Disposición transitoria segunda. Prórroga dos plans de xestión para recursos específicos aprobados para o ano 2019 pola Orde de 20 de decembro de 2018.

Disposición transitoria terceira. Presentación dos plans de xestión de marisqueo de recursos xerais para o período 2021-2023 e de recursos específicos para o período 2022-2024.

Disposición transitoria cuarta. Aprobación de plans de xestión de nova incorporación para os anos 2020 e 2021.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Disposición derradeira primeira. Modificación do Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que regulan as artes, aparellos útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición derradeira segunda. Modificación da Orde do 15 de xullo de 2011 pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé.

Disposición derradeira terceira. Modificación da Orde de 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.



Disposición derradeira cuarta. Modificación da Orde do 20 de decembro de 2018 pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o ano 2019.

Disposición derradeira quinta. Ordes modificadas polo presente decreto.

Disposición derradeira sexta. Competencias de desenvolvemento.

Disposición derradeira sétima. Entrada en vigor.

Finaliza o proxecto cun anexo, referido ao contido dos plans de xestión.

De conformidade co anterior, e tendo en conta os aspectos analizados, o texto proposto reúne os requisitos legais esixidos na normativa de aplicación examinada anteriormente e se cumpriron todos os trámites legais preceptivos, polo que esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o texto normativo proposto.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2019

A secretaria xeral técnica

María Isabel Concheiro Rodríguez-Segade

